



Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense

Grao en Enfermaría

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O51G140V01301	Enfermaría clínica III	1c	6
O51G140V01302	Enfermaría materno-infantil	1c	9
O51G140V01303	Prácticas clínicas II	1c	15
O51G140V01304	Enfermaría xeriátrica e coidados paliativos	2c	6
O51G140V01305	Enfermaría en saúde mental	2c	6
O51G140V01306	Prácticas clínicas III	2c	18

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Enfermería clínica III				
Materia	Enfermería clínica III			
Código	O51G140V01301			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Calviño López, Daniel			
Profesorado	Calviño López, Daniel Fraga Deus, Melania Vale Iglesias, Maria Florentina			
Correo-e	danilerio77@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Abordaxe desde unha perspectiva enfermeira das alteracións de saúde en diferentes situacións, capacitando ás/os futuros/as enfermeiras/ no manexo do Proceso Enfermeiro.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as súas opinións, creencias e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
C28	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermería, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Ser capaz de planificar e prestar cuidados nas principais enfermidades sistémicas.	A1 A3 A4	B8	C28 C29 C30 C31 C32	D1 D2 D3 D4 D5 D7 D10
Ser capaz de prestar asistencia centrada no paciente, utilizando os diagnósticos de enfermaría e as actividades derivadas deles, nas patoloxías estudadas.	A1 A4	B7 B8	C28 C31 C32	D2 D5 D6 D8 D9 D10 D11
Saber aplicar os cuidados necesarios para a atención á persoa paciente crítico.	A1 A2 A3	B7	C28 C29 C31 C32 C33	D1 D4 D5 D7
Saber aplicar os procesos de Enfermaría de urxencias e emerxencias.	A1 A3 A5	B7 B8	C28 C31 C32 C33	D2 D5 D9

Contidos

Tema	
O/a paciente con alteracións na eliminación urinaria.	Incontinencia e retención urinaria Infeccións urinarias Urolitiasis Alteracións da próstata Síndromes renais e glomerulonefrite Insuficiencia renal Tumores das vías urinarias Valoración das probas de función renal Hidronefrose HTA Insuficiencia renal aguda e crónica Diálise Transplante renal
O/a paciente con alteracións na regulación endocrina.	Alteracións da hipófise e do hipotálamo Alteracións tiroideas Alteracións paratiroideas Alteracións suprarrenais Diabetes Obesidade Hiperlipidemias Alteracións do metabolismo do ácido úrico
Enfermaría de urxencias e emerxencias.	Concepto e diferenzas de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes. Urxencias extrahospitalarias. A cadea asistencial. Estrutura e dinámica básica dun Servizo de Urxencias. Valoración e clasificación dos pacientes nun Servizo de Urxencias. Soporte Vital Básico e Avanzado. Cadea de supervivencia. Algoritmos de actuación.
Atención ao paciente crítico.	Unidade de vixilancia intensiva. Estrutura e dinámica básicas. Monitorización e cuidados hemodinámicos. Monitorización e cuidados respiratorios. Monitorización e cuidados neurolóxicos. Fármacos de uso frecuente na área de críticos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	37	0	37
Estudo de casos	1	23	24
Seminario	8	40	48
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	37	41

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Sesións expositivas As clases teóricas serán de tipo participativo para favorecer a discusión e a comprensión do tema tratado. Exporanse contidos da materia empregando programas de presentacións. Farase lectura de documentos científicos de interese e/ou casos clínicos.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Seminario	Actividades levadas a cabo de maneira explicativa e práctica sobre un tema concreto da materia que permite complementala de maneira máis profunda. Participación e implicación do alumno para demostrar as súas habilidades técnicas. Traballos individuais e grupais. Asistencia obrigatoria ao 90% dos seminarios

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividades levadas a cabo de maneira explicativa e práctica sobre un tema concreto da materia que permite complementala de maneira máis profunda. Participación e implicación do alumno para demostrar as súas habilidades técnicas. Traballos individuais e grupais. Asistencia obrigatoria ao 90% dos seminarios
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Valorarase a resolución de casos prácticos e análises de situacións, expostos nos seminarios. Aprobado 5 sobre 10.	10	A3 A5	C29 C30	D1 D2 D3 D4 D7	
Seminario	Avaliación continua da participación, habilidades e destrezas do alumnado nas prácticas realizadas nos seminarios ao longo do cuatrimestre. Asistencia obrigatoria polo menos ao 90% do total das horas. De non tela a avaliación realizarase como alumnado con ausencias nos seminarios. Na modalidade presencial a avaliación realizarase cunha proba de resposta curta ou tipo test. Nota de corte 5 sobre 10. No exame indicarase se as respostas incorrectas restan e en qué porcentaxe. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes. A data do exame na primeira edición publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.	30	A1 A2 A3 A4	B7 B8 C32 C33	C30 D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D11	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame con preguntas de resposta curta/test. Pode haber varias opcións de exame (con distintas preguntas pero co mesmo grao de dificultade). Nota de corte 5 sobre 10. Realizarase o día asignado no calendario oficial de exames. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes. A data do exame na primeira edición publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.	60	A2	C28 C29 C30	D7	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia será imprescindible aprobar cada parte por separado.

2ª edición ordinaria.

Para recuperar calquera das partes farase na 2ª edición, cun exame escrito das mesmas características e con os mesmos criterios aos da 1ª edición. A data do exame na 2ª edición publicarase na páxina web da escola e no taboleiro de anuncios.

Nota de corte 5 sobre 10.

AVALIACION DOS SEMINARIOS para o alumnado que non cumpra co 90% da asistencia: Poderanse acoller a esta modalidade os alumnos que non poidan asistir aos mesmos, e o soliciten por escrito antes do 06/10/2023, e debidamente xustificado. Deberán realizar:

- Proba de resposta curta/test igual que na modalidade presencial. Nota de corte 5 sobre 10.
- Proba de resposta longa, de desenvolvemento. Nota de corte 5 sobre 10, (fará media coa nota da proba de resposta curta).
- Traballo sobre un tema relacionado coa la materia impartida nos seminarios a concretar coa profesora encargada da asignatura. Nota de corte 5 sobre 10.
- A nota de seminarios será a media da proba tipo test, a proba de resposta longa e o traballo. Suporá o 30% da nota total.

Para aprobar, será necesario superar as tres partes: proba de resposta curta, proba de resposta longa e traballo. Nota de corte 5 sobre 10.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: Proba de resposta curta/test sobre toda a materia impartida, tanto nas sesións maxistras como nos seminarios. Nota de corte 5 sobre 10.

A data do exame de fin de carreira publicárase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

NANDA International, **NANDA Internacional, Inc. Diagnósticos enfermeros. Definiciones y clasificación 2018-2020**, 11ª, ELSEVIER, 2019

Sue Moorhead, PhD, RN, Marion Johnson, PhD, RN, Meridean L. Maas, **Clasificación completa de resultados de enfermería NOC 2018**, 6ª, ELSEVIER, 2018

Gloria M. Bulechek, PhD, RN, FAAN, Howard K. Butcher, PhD, RN, PMHCNS-BC, Joanne M. Dochterman and C, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 7ª, ELSEVIER, 2018

CUIDEN,

PUBMED,

Nanda Internacional, **NNNconsult**,

INDEX DE ENFERMERÍA,

REVISTA ENFERMERÍA CLÍNICA,

ENFERMERÍA GLOBAL,

CIBER REVISTA,

ENFERMERÍA INTENSIVA,

CULTURA DE CUIDADOS,

<http://www.enfermeriadeurgencias.com/>,

<http://www.semicyuc.org/>,

Bibliografía Complementaria

Swearinger, **Manual de Enfermería Médico-quirúrgica**, 6ª, ELSEVIER, 2008

Harrison, **Principios de Medicina Interna**, 18ª, McGraw Hill, 2012

Farreras, **Principios de Medicina Interna**, 17, ELSEVIER, 2012

Brunner & Suddarth, **Enfermería médico-quirúrgica**, 12ª, Lippincott Williams & Wilkins, 2016

Esperanza Rayón, **Manual de Enfermería Médico- Quirúrgica: Patrones funcionales: cognitivo-percept**, 1ª, SÍNTESIS, 2002

SHEEHY, **Manual de Urgencia de Enfermería**, 6ª, ELSEVIER, 2006

Jiménez Murillo, L. / Montero Pérez, F.J., **Medicina de urgencias y emergencias**, 4ª, ELSEVIER, 2009

Terry, **Enfermería de cuidados intensivos**, 1ª, MANUAL MODERNO, 2012

Gómez Ferrero, O [et al.], **Manual de enfermería en cuidados intensivos : enfermería de cuidados médico-quirúrgicos.**, 2ª, MONSA PRAYMA, 2011

DIALNET,

METAS DE ENFERMERÍA,

NURE INVESTIGACIÓN,

ROL DE ENFERMERÍA,

<http://seeiuc.org/>,

<https://semicyuc.org/wp-content/uploads/2021/09/RCP-Guias-ERC-2021-01-Resumen-Traduccion-oficial-CERCP.pdf>, 2021

<http://www.cuidados-intensivos-sedar.es/>,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas III/O51G140V01306
Prácticas clínicas IV/O51G140V01405
Prácticas clínicas V/O51G140V01406

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Prácticas clínicas II/O51G140V01303

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Fundamentos de enfermería/O51G140V01107
Enfermería clínica I/O51G140V01204
Enfermería clínica II/O51G140V01205
Introducción á enfermería clínica/O51G140V01201
Prácticas clínicas I/O51G140V01208

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Moovi para comunicación con os estudantes

Para concertar titorías co profesorado os correos electrónicos son os seguintes:

maria.florentina.vale.iglesias@sergas.es
daniel.calvino.lopez@sergas.es

DATOS IDENTIFICATIVOS**Enfermería materno-infantil**

Materia	Enfermería materno-infantil			
Código	O51G140V01302			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Raquel			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Raquel			
Correo-e	raquel.perez.rodriguez@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia explícase o proceso vital da muller e a etapa pediátrica, centrándose especialmente nos coidados de enfermería necesarios nestas dúas etapas da vida, en relación a: alteracións da saúde, técnicas, procedementos, etc, relacionados, así coma as medidas preventivas e educación para a saúde en cada caso.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermería, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional adecuada as necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenrolo dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais y deontolóxicas aplicables.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermería dirixidos as persoas, familias o grupos, orientados aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cuales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B5	Diseñar sistemas de cuidados dirixidos as persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as suas opinións, creenzas e valores, ademáis de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz cos pacientes, familias, grupos sociais e compañerios. Fomentar a formación e información para a saúde
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermería española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial na transformación
C34	Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar proporcionando os coidados necesarios en cada etapa.
C35	Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.
C36	Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
C37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermería e as complicacións que poden presentarse.
C38	Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermería, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores.

C39	Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.
C40	Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos pais ou cuidadores primarios.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de planificar cuidados de enfermería nas distintas etapas da vida da muller, dentro do contexto familiar e comunitario, para lograr un estado de saúde óptimo ou recuperar a saúde, baseándose a toma de decisións, en datos obxectivos, feitos científicos e evidencias clínicas.	A1	B1	C34	D1
	A2	B2		D2
	A3	B4		D3
	A4	B5		D4
	A5	B7		D5
		B8		D6
		B9		D7
		B10		D8
		B11		D9
		B12		D10
				D11
	Saber describir os cambios que acontecen no organismo durante a xestación, parto e puerperio.	A1	B12	C35
A2				D2
A3				D3
A4				D4
A5				D5
				D6
				D7
				D8
				D9
				D10
				D11
Saber describir, as intervencións e actividades axeitadas a prevención e tratamento dos problemas de saúde, na infancia e na adolescencia, e planificar os cuidados garantindo o dereito a dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión, do neno e a súa familia.	A1	B1	C36	D1
	A2	B2	C37	D2
	A3	B7	C38	D3
	A4	B8	C39	D4
	A5	B9	C40	D5
		B10		D6
		B11		D7
		B12		D8
				D9
				D10
				D11

Contidos

Tema	
Reproducción humana	.- Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor feminino e masculino
	.- Sexualidade humana
	.- Infeccións de transmisión sexual (ITS)
	SEMINARIO:
	.- Explicación do aparello reprodutor masculino e feminino
	.- Valoración da sexualidade
	.- Valoración, control e medidas preventivas en relación as ITS

Control da natalidade	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación familiar
Xestación. Xestación de alto risco	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicación dos diferentes métodos anticonceptivos - Fecundación e desenvolvemento fetal - Xestación, normal e de alto risco
Problemas de saúde na xestante	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Control xestacional desde a fecundación e durante todo o proceso na xestación normal e na xestación de alto risco - Control da saúde na xestación patolóxica
Parto e puerperio. Coidado prenatal	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Control, coidados e medidas preventivas durante a xestación patolóxica - Parto normal, de urxencia. Puerperio - Coidados inmediatos de enfermería ao recém nacido
Problemas de saúde reprodutiva	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Atención, coidados no parto normal de urxencia e no puerperio - Atención inmediata ao recém nacido - Alteracións da saúde a nivel xinecolóxico - Etapa do climaterio na muller
Características da muller nas diferentes etapas do ciclo vital	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Control e coidados a muller que presenta problemas de saúde xinecolóxicos - Control e coidados a muller durante o climaterio - Control de saúde da muller nas diferentes etapas da vida - Responsabilidade do profesional de enfermería nos casos de violencia de xénero. Detección de casos, actuación e prevención
Introducción a la Enfermería pediátrica	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Control e coidados a muller necesarios durante todo o ciclo vital - Preparación, presentación e defensa por parte do estudantado, dun traballo en materia de violencia de xénero <ol style="list-style-type: none"> 1. Evolución de los cuidados infantiles y situación actual. 2. Períodos de la infancia. 3. El cuidado del niño y su familia.
Recén nacido san. Desenvolvemento e crecemento	<ul style="list-style-type: none"> - Recén nacido san - Alimentación e nutrición, desde o nacemento até a adolescencia - Vacinación na infancia e na adolescencia
O neno hospitalizado	<p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación e nutrición do recém nacido - Vacinación pediátrica - Hospitalización na idade pediátrica - Programa de atención integral pediátrica durante a hospitalización <p>SEMINARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración e coidados no caso de ingreso hospitalario no doente pediátrico

Recén nacido de alto risco

.- Recén nacido patolóxico

SEMINARIO:

.- Control e cuidados do recén nacido patolóxico
.- Técnicas, cuidados e manexo do material preciso para a realización das probas habituais e/ou necesarias a consecuencia da hospitalización do neno

Problemas de saúde máis frecuentes na infancia

.- Alteracións da saúde máis frecuentes en pediatría

.- Cuidados de enfermaría pediátricos en situacións especiais

.- Prevención e actuación de enfermaría en situacións de urxencia/emergencia na idade pediátrica

.- Maltrato infantil

SEMINARIO:

.- Control e cuidados necesarios en calquer momento do ciclo vital durante a etapa pediátrica
.- Prevención e actuación no caso de problemas de saúde específicos e de urxencia durante a idade pediátrica (convulsións, PCR, OVACE, □)
.- Detección e actuación nos casos de maltrato infantil

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	54	84	138
Traballo tutelado	6	18	24
Seminario	8	21	29
Exame de preguntas obxectivas	2	32	34

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado, dos contidos da materia obxecto de estudo.
Traballo tutelado	A/O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre cada tema específico: presentación e manexo do material correspondente, práctica de técnicas e procedementos relacionados en cada caso, etc que permiten afondar e/ou complementar os contidos da parte teórica da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Entrevistas que a/o estudante mantén con o profesorado, para o asesoramento/desenvolvemento de actividades e contidos da materia no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Seminario	A avaliación da parte de seminarios da materia, consta de dous apartados: 1º. Avaliación continua nos seminarios. Esta avaliación farase en base a participación activa da/o estudante durante os seminarios e as actividades relacionadas con a materia. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Será preciso superar esta parte dos seminarios, para poder superar a materia. A esta avaliación correspóndelle o 20% da puntuación total da materia. A asistencia aos seminarios é obrigatoria, mínimo o 90% do total das horas asignadas, no caso contrario, a/o estudante pasará a ser avaliada/o segundo os criterios establecidos (consultar o apartado "outros comentarios sobre a avaliación: avaliación no caso de ausencia aos seminarios"). 2º. Traballo en materia de violencia de xénero. A/O estudante deberá facer este traballo en grupo, segundo os criterios que se indiquen oportunamente ao inicio do cuadrimestre. A exposición e defensa do mesmo, será nas horas de seminarios da materia, nas datas previamente marcadas. Avaliarase individualmente a cada un dos participantes do grupo de traballo. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Será preciso superar esta parte dos seminarios para poder superar a materia. A esta avaliación correspóndelle o 20% da puntuación total da materia. Para poder superar esta parte de seminarios da materia, será preciso superar a avaliación continuada e a exposición e defensa do traballo en materia de violencia de xénero; o que se corresponde no global con o 40% da puntuación total da materia.	40	A1 B1 C34 D1 A2 B2 C35 D2 A3 B4 C36 D3 A4 B5 C37 D4 A5 B7 C38 D5 B8 C39 D6 B9 C40 D7 B10 D8 B11 D9 B12 D10 D11
Exame de preguntas obxectivas	A avaliación dos contidos da materia farase en base a realización dun exame de preguntas obxectivas (tipo test), das dúas partes da materia (materno e pediatría), o cal consta de 60 preguntas, con varias opcións de resposta, sendo só unha destas certa. É preciso superar as dúas partes do exame da materia (parte de materno e de pediatría), con a puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha delas. A puntuación total para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos - erros). As respostas en branco non restan puntuación. Dita proba, farase na data marcada no calendario oficial académico. É preciso superar este exame para poder superar a materia. A esta avaliación correspóndelle o 60% da puntuación total da materia.	60	C34 C35 C36 C37 C38 C39 C40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación no caso de ausencia aos seminarios da materia.

A/O estudante que non asista no mínimo ao 90% das horas asignadas aos seminarios da materia, terá de facer unha proba práctica en relación aos contidos impartidos nos mesmos. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 1ª edición ordinaria. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. A esta avaliación correspóndelle o 20% da puntuación total da materia. De igual xeito ao establecido no caso da asistencia mínima obrigatoria aos seminarios, a/o estudante deberá realizar o exame de preguntas obxectivas (60%) e presentar e defender o traballo en materia de violencia de xénero (20%); é preciso superar estas tres probas de avaliación para poder superar a materia.

2ª edición ordinaria (xullo).

A esta convocatoria deberá presentarse a/o estudante que non teña superada algunha/s das partes desta materia:

- No caso de non ter feito ou superado o exame de preguntas obxectivas, a/o estudante deberá facelo cumprindo con os criterios establecidos na 1ª edición ordinaria. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico na 2ª edición ordinaria.

- No caso de non ter superada a avaliación continua dos seminarios ou non ter feita ou superada a proba práctica de recuperación no caso de ausencia aos mesmos, a/o estudante deberá facer unha proba práctica en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia e cumprir con os criterios de avaliación establecidos na 1ª edición ordinaria. Esta proba práctica farase na data marcada no calendario oficial académico, na 2ª edición ordinaria.

- No caso de non ter feito ou superado o traballo en materia de "violencia e xénero", a/o estudante deberá facelo segundo os criterios establecidos na 1ª edición ordinaria, tendo como prazo máximo para a entrega do mesmo, unha semana antes da data marcada no calendario oficial académico, para realizar as probas de avaliación desta materia na 2ª edición ordinaria.

Para superar a materia nesta 2ª edición ordinaria será preciso, superar o exame de preguntas obxectivas (60%), a avaliación continuada dos seminarios ou no caso de ausencia aos mesmos, a proba práctica de recuperación correspondente (20%) e o traballo en materia de "violencia de xénero" (20%).

Convocatoria de Fin de carreira.

A/O estudante poderá presentarse a convocatoria de fin de carreira (**previa matrícula específica para esta convocatoria**), na que prevalecerán os mesmos criterios de realización e avaliación indicados nas diferentes partes da materia, marcados para a 1ª e a 2ª edición ordinaria. As probas de avaliación correspondentes, faranse na data indicada no calendario oficial académico para esta convocatoria de [fin de carreira].

Outros comentarios.

- As datas oficiais para a realización das probas de avaliación desta materia en todas as súas edicións, estarán publicadas na páxina web da Escola: <http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/gl-es/>
- A data de revisión das probas de avaliación correspondentes, será comunicada oportunamente por parte da profesora da materia, no momento da publicación da lista de cualificacións provisionais en cada unha das convocatorias.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Torrens RS, Mtnéz C, **Enfermería de la mujer**, 2ª, DAE-Paradigma, 2012

Aguilar, M.J, **Tratado de enfermería infantil: cuidados pediátricos**, 2ª, Elsevier, 2012

Rodgers CC, Wilson D, Hockenberry MJ, **Wong. Enfermería Pediátrica**, 10ª, Elsevier, 2019

Bibliografía Complementaria

Perry SE, Cashion K, Lowdermilk DL, **Maternidad y salud de la mujer**, 9ª, Elsevier, 2008

Towle, M.A, **Asistencia de enfermería materno-neonatal**, 1ª, Pearson, 2010

Mtnéz MR, Ruiz MD, Glez P, **Enfermería del niño y adolescente I**, 2ª, DAE - Paradigma, 2012

Mtnéz MR, Ruiz MD, Glez P, **Enfermería del niño y adolescente II**, 2ª, DAE-Paradigma, 2012

Sellán Soto & Vázquez Sellán, **Cuidados neonatales en enfermería**, 1ª, Elsevier, 2017

Baston & Hall, **Parto**, 2ª, Elsevier, 2018

Baston & Hall, **Cuidados posnatales**, 2ª, Elsevier, 2018

Marshall, Baston & Hall, **Lactancia**, 1ª, Elsevier, 2018

González Bosquet, Laílla Vicens & Fabre González, **Obstetricia**, 7ª, Elsevier, 2018

Baston & Hall, **Bases de la enfermería materno-infantil**, 2ª, Elsevier, 2018

Baston, H, **Patologías concomitantes en el embarazo**, 1ª, Elsevier, 2020

Lowdermilk, Perry, Cashion, Alden & Olshansky, **Cuidados de enfermería materno-infantil**, 12ª, Elsevier, 2020

Kay & Sandhu, **Lo esencial en ginecología y obstetricia**, 4ª, Elsevier, 2020

Moreno Preciado Manuel, **Transculturalidad, género y salud**, 1ª, Elsevier, 2021

Gardner, S. L. Carter, B. S. Enzman-Hines, M. Niermeyer, S, **Manual de cuidados intensivos neonatales**, 9ª, Elsevier, 2021

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/O51G140V01301

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101

Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105

Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107

Psicoloxía: Psicoloxía/O51G140V01102

Enfermaría clínica I/O51G140V01204

Enfermaría clínica II/O51G140V01205

Enfermaría comunitaria II/O51G140V01206

Ética e lexislación/O51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203

Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Moovi da Universidade de Vigo para manter comunicación académica-docente con a/o estudante (documentación, anuncios, cualificacións, etc), por tal motivo será preciso, que ao inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, a/o estudante verifique que está dada/o de alta correctamente na materia no Moovi.

A/O estudante deberá entregar á profesora na 1ª semana do inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, a ficha de alumna/o debidamente cumprimentada, a cal está dispoñible na páxina web da Escola e no cartafol da materia no Moovi.

Titorías da materia: estas serán previa petición da/o estudante, enviada ao correo electrónico da profesora*, quen marcará o día e a hora para a mesma.

*Correo electrónico da profesora da materia: raquel.perez.rodriguez@sergas.es

Será de obrigado cumprimento por parte da/o estudante, o establecido no art.39 do código ético, do "Título VII. Do uso de medios ilícitos", do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado no claustro da UVigo o 18 de abril de 2023), que implica a renuncia ao emprego de medios, prácticas e/o dispositivos non autorizados ou que poidan implicar un aproveitamento ilexítimo do traballo alleo, a apoderarse indebidamente do contido de probas ou exames, a utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e de gravación das actividades universitarias; así como asumir as consecuencias que ocasione o incumprimento do devandito compromiso e as sancións que se derivasen deste, de acordo con o previsto polo artigo 11 g) da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria, cumprindo ademais co código ético da Universidade de Vigo.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Prácticas clínicas II**

Materia	Prácticas clínicas II			
Código	O51G140V01303			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	15	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Fariñas Valiña, Natalia Olida			
Profesorado	Fariñas Valiña, Natalia Olida Fernández Varela, María Milagros			
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en Unidades de hospitalización			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
